

En Boiro, sendo as 16:30 horas do día 11 de marzo de 2020, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) do IES Espíneira de Boiro coa seguinte orde do día:

**Ausentes:** Carlos Javier Chouza Blanco, Pablo López Sanmartín

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Información, valoración das liñas metodolóxicas para alumnado con NEAE.
3. Información Pre-Matrícula.
4. Oferta optatividade.
5. Compra de botiquíns departamentos.
6. Información, valoración do programa de habilidades sociais.
7. Calendario avaliacións pendentes 1º Bacharelato.
8. Rogos e preguntas.

1. Procédese á lectura e aprobación da acta da anterior sesión celebrada o 29 de xaneiro de 2020.

2. A directora, Mariana Domínguez, presenta para valoración as liñas metodolóxicas para o alumnado con NEAE (TEA, TDAH, Dislexia e dificultades coa lectoescritura) recopiladas polo departamento de orientación e coa coordinación de xefatura de estudos. Estas pautas, unha vez aprobadas, serán enviadas ao profesorado de cada grupo para que se apliquen no alumnado que as precise. A xefa de estudos enviará ao profesorado de cada grupo o listado de alumnas/os que teñan NEAE dentro dese grupo. O documento foi aprobado por unanimidade e non houbo ningunha proposta de modificación.

3. Mariana informa a CCP que este curso se fará prematrícula no alumnado de 4º da ESO que pasa para 1º de bacharelato e o alumnado de 1º de bacharelato que pasa para 2º. A LOMLOE non entrará en vigor para o próximo curso, co que non afectará a materias da prematrícula.

4. Para o próximo curso a oferta de materias incrementarase coa proposta da profesora de Latín e Grego María Margarita Fernández de ofertar Mitoloxía Clásica como optativa de libre configuración do centro para 1º de Bacharelato. En 2º da ESO ofertaranse como optativas autonómicas Xadrez, que impartirá o profesor Luis Araújo, e Paisaxe e Sustentabilidade que impartirá María del Mar Domínguez Magallón, que permitirán repartir ao alumnado en dous grupos. En 1º da ESO a optativa seguirá sendo unha hora máis de Educación Plástica, visual e audiovisual. A directora comenta aos membros da CCP que poden propoñer materias da súa especialidade ata a próxima semana.

5. Dende dirección recoméndase que todos os departamentos que teñan talleres merquen un botiquín de primeiros auxilios. A secretaria María Pardavila ofrécese para facer o expediente de compra conxunto e pasar os gastos a cada departamento.

6. O departamento de Orientación elaborou un programa de habilidades sociais que consta de 7 habilidades con actividades para cada unha delas: empatía, escoita activa, reflexión, expresión de valores e emocións, autoestima, autocontrol e resolución de conflitos. Valórase positivamente e apróbbase por unanimidade.

7. A xefa de estudos mostra o calendario de avaliación de pendentes de 1º de bacharelato onde só aparece marcado o 30 de abril, por erro. Acórdase en realizar as avaliacións de pendente durante a última semana de abril: 27, 28, 29 e 30. Os departamentos acordarán con xefatura de estudos o calendario de exames para esa semana. Os exames actualmente datados polo profesorado son: Física e Química (29 de abril) e Economía (30 de abril).

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente reunión sendo as 16:55 horas.

A DIRECTORA  
Asdo.: María Ana Domínguez Pérez

A SECRETARIA  
Asdo.: Sonia Antelo Méndez